

A Mancomunidad do Salnés pretende a contratación laboral, mediante concurso de méritos dun/ha Técnico Titulado superior especialista en materia de Control de Vertidos e Tratamento e Control da Calidade da Auga para a realización de funcións vinculadas á OFICINA DE CALIDADE DA AUGA E XESTIÓN DE VERTIDOS

A. TECNICO CALIDADE DA AUGA E XESTION DE VERTIDOS

Requisitos mínimos esixidos:

- Título Universitario, máster ou graduados nunha titulación superior que habilite para o exercicio de calquera das profesións de Enxeñeiro/a de camiños, canais e portos, enxeñeiro industrial ou con titulación de ciencias químicas, enxeñería química ou bioloxía, ciencias ambientais ou titulación equivalente.
- Un mínimo de 12 meses de experiencia profesional no posto de Técnico Inspector en control de vertidos ou en materia de tratamento e depuración de augas.

(Os servizos prestados acreditaranse mediante certificación expedida polo órgano contratante e informe de vida laboral, entregándose copia dos documentos acreditativos dos méritos alegados).

Realizarase unha entrevista persoal.

As persoas interesadas poderán consultar e recoller as Bases, así como o modelo de Solicitud de Curriculum, nas oficinas e na páxina web da Mancomunidad do Salnés.

A presente contratación realízase en base o Decreto 141/2012 do 21 de xuño polo que se aproba o Regulamento marco do Servicio Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia.

A presentación das solicitudes para participar neste proceso selectivo realizarase nas oficinas administrativas da Mancomunidad do Salnés, sitas en Paseo da Calzada s/n, Edificio Exposalnés de Cambados, no prazo de 10 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio nun diario.

En Cambados, a data da sinatura electrónica

A Presidenta

Asdo.: Marta Giráldez Barral